





SITUACIÓN ECONÓMICA DE GALICIA

I.1. CONTEXTO ECONÓMICO XERAL

I.2. PRODUCCIÓN

I.3. DEMANDA

I.4. RENDA

I.5. POBOACIÓN

I.6. ANÁLISE DA CONVERXENCIA REAL



SITUACIÓN ECONÓMICA DE GALICIA

No ano 2005 continuou o ciclo expansivo da economía a nivel mundial, se ben a un ritmo inferior ao rexistrado no ano anterior. Esta desaceleración está influenciada, en parte, polo encarecemento e a incerteza rexistrada no mercado de petróleo. A economía mundial presentou no último ano unha taxa de crecemento respecto ao ano anterior do 4,8%, cinco décimas menos que no ano precedente, protagonizado un ano máis polo comportamento das economías de Estados Unidos (medra un 3,5%) e China (9,9%).

A Unión Europea segue sendo unha das áreas de crecemento máis débil, cunha medra da súa actividade do 1,8%. Esta debilidade veu acompañada por un certo freo no ámbito institucional, por mor do rexeitamento producido nalgúns países ao proxecto constitucional europeo a mediados de 2005. Asemade, cómpre salientar, coma se menciona no capítulo 2 desta memoria, o relanzamento da Estratexia Europea de Emprego coa aprobación das directrices integradas para o crecemento e o emprego (Consello Europeo de Bruxelas dos días 16 e 17 de xuño de 2005).

A economía española segue coa súa tendencia positiva, e rexistrou en 2005 unha taxa de crecemento do 3,4%. Este dinamismo ven motivado novamente polo pulo da demanda interna, que presenta unha achega ao PIB agregado de 5,3 puntos. Este aumento da demanda interna reflíctese nunha medra do 7,1% das importacións, en tanto que as exportacións o fan tan só nun 1,0%.

Dende a óptica da oferta, os distintos sectores, agás no caso das actividades do sector primario, amosaron taxas de crecemento positivas. O crecemento da economía española apoiouse na medra do sector da construción, cun incremento do 5,5%, seguido polas ramas enerxéticas e os servizos, cun 4,4% e 3,9%, respectivamente. O VEB do sector primario descendeu un 0,7%, en tanto que a actividade industrial medrou tan só un 0,6%.

A economía galega presentou en 2005 un incremento do seu PIB do 3,3%, unha décima inferior á rexistrada no ano anterior. Este dinamismo económico veu acompañado dun cadro macroeconómico caracterizado pola medra das tensións inflacionistas, así como dunha aceleración do ritmo de crecemento do número de persoas afiliadas á Seguridade Social e dunha aceleración no ritmo de crecemento dos custos laborais, máis acusada no caso dos custos non salariais.

Ao igual que no conxunto do Estado, o principal soporte da medra do PIB en Galicia foi a demanda interna, cunha achega ao crecemento de 4,8 puntos, nove décimas máis que no ano 2004. Todos os seus compoñentes presentaron no último ano unha aceleración no seu crecemento, salientando o comportamento do investimento, cunha medra de 5,7%, punto e medio máis que en 2004.

Dende a óptica da oferta, e ao igual que o acontecido en España, o sector da construción foi o que presentou un maior dinamismo, cun incremento do 4,1%. Pola contra, é importante salientar que as ramas primarias presentan unha nova medra da súa actividade, cun crecemento do 1,9%.

Se en lugar de considerar soamente o acontecido en 2005, temos en conta a evolución da economía galega entre os anos 2000 e 2005, cómpre salientar, dunha banda, a converxencia da economía galega á media española en termos do PIB per cápita, que acada en 2005 o 81,0% da media española fronte ao 77,7% de 2000. Esta mesma tendencia apréciase no caso da renda familiar bruta por habitante en poder de compra, que medra neses anos, dende o 91,2% da media española ao 94,0% en 2005.

Outro indicador que amosa o proceso de converxencia da economía galega é o indicador de competitividade rexional, calculado a partir de 17 variables relacionadas coa potencialidade e desenvolvemento dunha economía. Este indicador reflicte que entre os anos 2000 e 2004, a economía galega aproxímase á media do Estado, ao acadar en 2004 un valor de 88,2 (base España = 100) fronte aos 86,1 de 2000.

Con todo, o PIB real xerado pola economía galega entre os anos 2000 e 2005 medrou a un ritmo medio anual medio punto por baixo da media española: 2,7% e 3,2%, respectivamente. Este dato indicaría un certo fracaso nos obxectivos do Plan Estratéxico de Desenvolvemento Económico de Galicia 2000-2006 (PEDEGA), xa que no que se refire a, polo menos igualar o crecemento medio da economía española, tan só se acadou no ano Xacobeo.

O devandito PEDEGA agardaba que “Galicia rexistre un incremento do VEB moderadamente superior ao nacional durante o período 2000-2003 e equiparable durante o seguinte período”. Cómpre salientar que este fracaso ven motivado polo diferencial existente no período 2000-2003, cando a economía galega medrara de media un 2,37% anual fronte aos 3,07% de media en España, xa que entre os anos 2003 e 2005, Galicia e España presentan unha medra similar (2,20% e 2,25%, respectivamente). ■

I.I. CONTEXTO ECONÓMICO XERAL

Ao longo do ano 2005 continuou a expansión da economía mundial, se ben a un ritmo inferior ao experimentado no ano anterior, en parte, polo impacto do encarecemento e a incerteza no mercado do petróleo.

A nivel global, o crecemento económico acadou no último ano unha medra do 4,8%, cinco décimas menos que no ano anterior. Non obstante, existen importantes diverxencias no crecemento das distintas rexións, salientando, dunha banda, o crecemento de China e Estados Unidos, que seguen sendo os determinantes do crecemento da economía mundial, e doutra, a debilidade amosada na medra da UE. Asemade, cómpre salientar que continúan os desequilibrios da conta corrente a escala mundial, especialmente significativo na economía estadounidense e nalgúns europeos, coma a española.

A economía española volveu a presentar unha taxa de crecemento do PIB real superior á experimentada pola zona euro (3,4% fronte aos 1,8% da media comunitaria). Polo lado do gasto, este incremento prodúcese pola aceleración da achega da demanda interna ao PIB agregado, froito da notable medra do investimento, especialmente no caso dos bens de equipamento. Dende o punto de vista da oferta, a construción volve a comportarse coma o sector máis dinámico da economía española, seguido polo sector enerxético e os servizos. O valor engadido bruto xerado polas ramas industriais (sen a enerxía) medra lixeiramente mentres que nas actividades do sector primario, este descende respecto ao VEB xerado no ano anterior.

A economía galega continuou coa súa tendencia de crecemento económico, ao rexistrar unha medra do seu Produto Interior Bruto (PIB) real a prezos de mercado do 3,3%, unha décima por baixo da experimentada no ano 2004. Ao igual que o acontecido no conxunto do Estado, dende o lado do gasto salienta o incremento da participación da demanda interna no crecemento do PIB, mentres que polo lado da oferta, a construción volta a comportarse coma o sector máis dinámico. Pola contra, e a diferenza do amosado pola economía española, cómpre salientar que as ramas agraria e pesqueira, por segundo ano consecutivo, volven a presentar un incremento da súa actividade, e que o VEB xerado polas ramas enerxéticas descende en 2005.

PANORAMA ECONÓMICO INTERNACIONAL

A economía mundial rexistrou en 2005, como xa se dixo, un crecemento do 4,8% respecto ao ano anterior, sendo esta medra do 2,7% no caso das economías avanzadas ou do 7,2% nos países emerxentes e en desenvolvemento. Os principais motores deste crecemento internacional son Estados Unidos e China, que presentaron unha medra do 3,5% e 9,9%, respectivamente. A India presenta unha medra importante, cun 8,3%, se ben o seu impacto no crecemento mundial é aínda reducido por ser unha economía relativamente pechada.

O PIB real dos **Estados Unidos** experimentou en 2005 unha medra do 3,5%, sete décimas inferior ao incremento rexistrado no ano anterior. O investimento en capital fixo segue medrando a taxas superiores ás do conxunto das economías avanzadas, acadando no último ano unha medra do 7,3% respecto ao 2004. Un dos seus principais problemas segue sendo o seu déficit por conta corrente, que medra un 6,1% en 2005 e está previsto que no ano seguinte medre a unha taxa semellante. No que ao mercado de traballo se refire, a produtividade laboral presenta taxas de crecemento superiores ás do conxunto das economías avanzadas, mentres que o desemprego o fai a taxas inferiores.

Economía internacional 2003-05: evolución dos principais indicadores

	2003	2004	2005
	(taxa de crecemento sobre o mesmo período do ano anterior)		
Producto Interior Bruto real			
Economía mundial	4,0	5,3	4,8
Economías avanzadas	2,0	3,3	2,7
EE.UU.	2,7	4,2	3,5
Xapón	1,8	2,3	2,7
Unión Europea	1,3	2,5	1,8
Zona Euro	0,7	2,1	1,3
Países emerxentes e en desenvolvemento	6,5	7,6	7,2
China	9,5	10,1	9,9
India	7,5	8,1	8,3
Demanda interna real total			
Economías avanzadas	2,2	3,4	2,8
EE.UU.	3,0	4,7	3,6
Xapón	1,2	1,5	2,6
Zona Euro	1,3	2,0	1,5
Gasto en consumo privado			
Economías avanzadas	1,9	2,9	2,6
EE.UU.	2,9	3,9	3,6
Xapón	0,6	1,9	2,2
Zona Euro	1,0	1,5	1,3
Gasto en consumo público			
Economías avanzadas	2,5	1,9	1,7
EE.UU.	3,0	2,1	1,5
Xapón	2,3	2,0	1,7
Zona Euro	1,7	1,1	1,4
Formación bruta de capital			
Economías avanzadas	2,1	5,3	4,7
EE.UU.	3,3	8,4	7,3
Xapón	0,3	1,1	3,3
Zona Euro	0,8	2,3	2,1
IPC			
Economías avanzadas	1,8	2,0	2,3
EE.UU.	2,3	2,7	3,4
Xapón	-0,2	0,0	-0,3
Zona Euro	2,1	2,1	2,2
Países emerxentes e en desenvolvemento			
China	1,2	3,9	1,8
India	3,8	3,8	4,2
Productividade laboral (1)			
Economías avanzadas	3,9	4,7	3,5
EE.UU.	5,6	5,4	4,8
Xapón	5,3	5,3	1,8
Zona Euro	1,1	3,9	2,5
Taxa de desemprego			
Economías avanzadas	6,6	6,3	6,0
EE.UU.	6,0	5,5	5,1
Xapón	5,3	4,7	4,4
Zona Euro	8,7	8,9	8,6

(1) Medida coma o cociente entre a remuneración por hora e o custo unitario da man de obra
Fonte: Fondo Monetario Internacional

1.1.1.

Os datos aportados polo Fondo Monetario Internacional reflicten certa debilidade no crecemento da economía europea. Fronte ao devandito incremento do 4,8% da economía mundial, a UE e os países da zona euro rexistraron unha medra do 1,8% e 1,3%, respectivamente. O **cadro 1.1.1.** amosa que a zona euro presenta un menor dinamismo da súa demanda interna que o rexistrado tanto para o conxunto das economías avanzadas coma para os Estados Unidos e o Xapón. Especialmente significativo é o diferencial no crecemento do investimento (formación bruta de capital fixo), que medra nos países da zona euro un 2,1% respecto ao ano 2004, fronte á medra do 4,7% no caso das economías avanzadas e dos devanditos 7,3% dos EE.UU.. Os catro países da zona euro con maior crecemento da súa actividade produtiva foron Irlanda (4,7%), Luxemburgo (4,3%), Grecia (3,7%) e España (3,4%).

A taxa de crecemento da produtividade laboral, medida coma a razón remuneración por hora/custo unitario da man de obra, acadou nestes países un valor do 2,5%, case punto e medio menos que no ano anterior. A remuneración por hora medrou en 2005 un 2,6% (3,1% no ano anterior) mentres que os

custos laborais o fixeron nun 0,1% (descenderon un 0,8% en 2004). Canto ao emprego, e a pesar do lixeiro descenso da taxa de desemprego en 2005, esta mantense moi por riba dos valores rexistrados para o conxunto da economías avanzadas, EE.UU e o Xapón.

A **economía xaponesa**, pola súa parte, rexistrou o maior incremento da produción dos últimos seis anos, cunha medra do seu PIB real do 2,7%. Ao contrario do acontecido no caso das economías avanzadas e dos EE.UU., en Xapón o superávit comercial acadou o 3,6% do seu PIB. Cómpre salientar que a forte desaceleración producida na produtividade laboral é consecuencia dunha medra do 1,2% das remuneracións en 2005, oito décimas máis que no ano anterior, e unha caída dos custos laborais moi inferior á rexistrada no ano 2004 (-0,6% e -4,7%, respectivamente). Persiste en 2005 unha suave deflación, cunha caída do IPC do 0,3%.

PANORAMA ECONÓMICO DE ESPAÑA

A economía española acelerou en 2005 o crecemento da súa actividade produtiva, ao experimentar unha medra do 3,4%, tres décimas máis que no ano anterior. Coma sucedeu no ano anterior, e dende a perspectiva do gasto, este incremento estivo impulsado pola evolución favorable da demanda interna, que incrementa a súa achega ao crecemento agregado, en tanto que o sector exterior volveu a incrementar a súa contribución negativa ao mesmo.

No que atinxe á demanda interna, no 2005 continuou a aceleración na súa contribución ao crecemento (5,3 puntos no último ano, catro décimas máis que no ano anterior), por mor da forte medra do investimento, especialmente en bens de equipamento. A formación bruta de capital fixo rexistrou un incremento do 7,2% en 2005, máis de dous puntos por riba do experimentado no ano anterior. Analizando os distintos compoñentes agregados, o **cadro 1.1.2.** reflicte que os tres produtos aceleran o seu crecemento ao longo do 2005, sendo o máis importante o de bens de equipamento, cunha medra case seis puntos superior á do ano anterior (9,5% fronte aos 3,7% de 2004), mentres que o menos intenso foi o do investimento en construción, con medio punto porcentual máis que no ano precedente (6,0% e 5,5%, respectivamente).

O gasto en consumo final presentou unha lixeira moderación, ao medrar un 4,4% en 2005, catro décimas menos que no ano precedente. Esta desaceleración explícase pola moderación do consumo final das Administracións Públicas e das institucións sen fin de lucro (ISFLSH). Pola contra, e a pesar da desaceleración trimestral, o gasto en consumo final dos fogares mantén a mesma taxa de crecemento que en 2004.

Dada a desaceleración lixeiramente máis intensa das exportacións que das importacións, a contribución negativa do sector exterior ao crecemento agregado do PIB medrou unha décima (1,9 puntos en 2005). Neste senso, cómpre salientar que 2005 volve a amosar unha perda de competitividade fronte á UE, fronte a países desenvolvidos e fronte a países industrializados, tanto en termos de IPC coma de prezos industriais (**cadro 1.1.3.**).

Dende a óptica da **oferta**, o devandito **cadro 1.1.2.** indica que, ao igual que en 2004, todos os sectores produtivos, agás as ramas primarias, que contraen novamente o seu nivel, presentan taxas de crecemento positivas. Comparado co ano anterior, cómpre salientar que as ramas non primarias presentan a nivel agregado unha tendencia positiva de crecemento, e que o sector primario contrae a súa actividade de xeito menos negativo que en 2004. O sector da construción volveu a ser o que presenta o maior dinamismo, cunha medra do 5,5%, seguido das ramas enerxéticas e dos servizos, co 4,4% e o 3,9%, respectivamente.

O maior dinamismo da actividade económica trasladouse ao **mercado de traballo**, onde o número de persoas afiliadas á Seguridade Social medrou en 2005 un 4,4% (753,7 miles de afiliados máis). Os

Evolución do PIB en España 2004-05: distribución segundo as súas compoñentes ⁽¹⁾

	2004	2005	2005			
			trimestres			
			I	II	III	IV
Gasto en consumo final	4,8	4,4	4,7	4,4	4,3	4,2
Gasto en consumo final dos fogares	4,4	4,4	4,6	4,6	4,3	4,0
Gasto en consumo final das ISFLSH	5,0	4,3	5,0	4,4	4,7	3,1
Gasto en consumo final das AA.PP.	6,0	4,5	5,2	4,0	4,2	4,6
Formación bruta de capital fixo	4,9	7,2	7,0	7,6	7,3	6,8
Bens de equipamento	3,7	9,5	9,8	10,4	8,9	9,1
Construción	5,5	6,0	6,0	6,2	6,3	5,6
Outros produtos	4,4	7,6	6,5	8,1	8,5	7,5
Variación de existencias (2)	-0,2	-0,0	-0,0	-0,1	-0,0	-0,1
Demanda interna (2)	4,9	5,3	5,5	5,4	5,3	5,0
Exportacións de bens e servizos	3,3	1,0	-1,4	1,3	2,1	1,9
Exportacións de bens	4,4	-0,4	-2,8	1,9	-0,3	-0,6
Exportacións de servizos	1,2	4,0	1,5	-0,1	7,3	7,4
Importacións de bens e servizos	9,3	7,1	6,2	7,9	7,8	6,6
Importacións de bens	10,1	7,0	7,6	8,4	7,0	5,3
Importacións de servizos	6,2	7,5	0,6	5,8	11,2	12,4
PIB a prezos de mercado	3,1	3,4	3,3	3,4	3,5	3,5
Ramas agraria e pesqueira	-1,1	-0,7	-1,9	-1,3	0,3	0,1
Ramas enerxéticas	2,0	4,4	4,2	4,0	4,5	5,0
Ramas industriais	0,3	0,6	0,3	-0,0	0,9	1,1
Construción	5,1	5,5	5,4	5,4	5,8	5,4
Ramas dos servizos	3,6	3,9	3,8	3,8	3,9	4,0
servizos de mercado	3,6	4,0	3,8	3,9	4,0	4,1
servizos de non mercado	3,6	3,5	3,8	3,0	3,5	3,8
Impostos netos sobre os produtos	4,1	3,8	4,0	5,5	3,2	2,6
IVE que grava os produtos	2,5	4,4	5,0	6,8	3,5	2,5
Impostos netos sobre prod. importados	12,0	3,6	9,8	3,4	0,6	1,0
Outros impostos netos sobre os produtos	6,5	2,9	2,2	3,6	2,8	2,9

(1) Datos corregidos de efectos estacionales e de calendario. Taxas de variación interanual. Prezos constantes de 2000.

(2) contribución ó crecemento do PIB

Fonte: INE, Contabilidad Nacional Trimestral de España

1.1.2.
Índices de competitividade de España fronte á UE, aos países desenvolvidos e aos países industrializados 2002-05

	Fronte á UE		Frote aos países desenvolvidos (1)		Fronte aos países industrializados (2)	
	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais	Con prezos ao consumo	Con prezos industriais
	(base 1999 = 100)					
2002	103,0	101,4	101,3	100,1	100,9	99,7
2003	105,4	103,4	105,6	103,9	106,0	104,0
2004	106,3	104,5	107,7	105,8	108,3	106,1
2005	107,9	106,6	109,3	107,8	109,8	107,8

(1) Países desenvolvidos: os da UE, Australia, Canadá, EEUU, Xapón, Noruega, Nova Zelandia e Suíza.

(2) Países industrializados: Ademais dos desenvolvidos, Corea do Sur, Hong-Kong, Malaisia, México, Singapur, Taiwan e Tailandia.

Fonte: Banco de España, Boletín estadístico

1.1.3.

sectores primarios e o industrial (sen considerar o subsector enerxético) seguen experimentando unha caída do número de afiliados, con 33,4 e 14,2 miles de persoas afiliadas menos que en 2004, respectivamente. Pola contra, no sector da construción o número de afiliados medra en 173,3 miles de persoas e nos servizos, a medra foi de 631,6 miles de persoas.

O número de persoas paradas rexistradas nas oficinas do Servicio Público de Empleo Estatal-INEM descendeu en 2005 (media anual calculada a partir dos datos do último día de cada mes) un 2,1% (43,9 miles de persoas), situándose nas 2.069,8 miles de persoas. Tódolos sectores, agás o sector primario, experimentaron unha caída do desemprego, sendo o máis acusado o rexistrado no caso do colectivo de “sen emprego anterior”, cunha caída do 12,5% (32,1 miles de persoas) respecto ao ano anterior. No caso das actividades do sector primario, o desemprego medrou un 15,2% (7,8 miles de persoas).

Se se considera a diferenza entre as taxas de crecemento do PIB a prezos de mercado (prezos correntes) e do número de afiliados á Seguridade Social coma unha aproximación á produtividade aparente do factor traballo¹, esta descendeu en 2004 un 1,0%. Atendendo á distribución sectorial, esta caída ven motivada en primeiro lugar, polo avance na participación no emprego total dun sector de baixa produtividade aparente como é a construción. Se o emprego total medra un 4,4%, na construción o incremento é case o dobre (8,6%). En segundo lugar, a expansión do emprego no sector servizos, 5,6% respecto ao ano anterior, prodúcese en ramas de actividade cunha menor produtividade aparente do traballo o que fai que a produtividade aparente do conxunto deste sector se reduza.

PANORAMA ECONÓMICO DA EURORREXIÓN

A eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, tal e como se reflicte no **cadro 1.1.4.**, ocupa unha superficie de 50.853 quilómetros cadrados e conta a comezos do ano 2005 cunha poboación de 6.489,5 miles de persoas, o que implica unha densidade media de 127,6 habitantes por quilómetro cadrado.

A poboación ocupada no cuarto trimestre do 2005 ascendeu a 2.953,8 miles de persoas (o que representa aproximadamente o 45,5% da poboación total da eurorrexión), dos que o 52,9% dos traballadores estaban ocupados nas ramas de actividade do sector servizos. Os sectores da industria e construción, considerados conxuntamente, acollían o 35,5% das persoas e o restante 11,7% pertencían ao sector primario.

O devandito cadro reflicte a distinta importancia relativa dos sectores económicos en Galicia e no Norte de Portugal en termos de poboación ocupada. Mentres que Galicia rexistra unha maior importancia relativa da poboación ocupada no sector servizos, que acolle o 60,3% da súa poboación ocupada fronte ao 48,2% no norte de Portugal, na rexión Norte de Portugal o peso relativo da poboación ocupada no sector industrial é case nove puntos superior ao rexistrado en Galicia: o 38,9% e 30,0%, respectivamente. No caso do sector primario, a ocupación nestas actividades representa o 9,7% da ocupación total en Galicia fronte ao 12,9% no norte de Portugal.

No concernente ás taxas de desemprego, no cuarto trimestre de 2005 Galicia e a rexión Norte de Portugal presentan taxas similares, ao acadar unha taxa do 9,1% en Galicia fronte ao 9,0% no Norte de Portugal.

(1) A produtividade aparente do traballo é unha das posibles medidas de produtividade, aínda que non sempre é a máis precisa. Esta medida está sesgada contra as actividades intensivas en man de obra, que empregan pouco capital físico privado. Canto meirande sexa a relevancia do capital productivo privado nunha actividade productiva, cabe agardar que maior sexa a produtividade aparente do traballo, mais tamén meirande será a participación do Excedente Bruto de Explotación (EBE) no valor engadido bruto (VEB) e, polo tanto, menor tenderá a ser a participación dos asalariados.

Principais indicadores da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

	Unidade de medida	Período de referencia	Galicia	Rexión Norte	Eurorrexión
Superficie	(en Km ²)	--	29.575	21.278	50.853
Poboación de dereito	(miles de persoas)	01/01/2005 31/12/2004	2.762,2	3.727,3	6.489,5
Densidade poboación	(habitantes por km ²)		93,4	175,2	127,6
Crecemento demográfico	(miles de persoas)		11,2	15,5	26,7
Poboación ocupada			1.137,4	1.816,4	2.953,8
Agricultura e pesca			110,3	234,0	344,3
Industria e construción	(miles de persoas)	4º trim. 2004	341,3	706,2	1.047,5
Servizos			685,8	876,2	1.562,0
Taxa de paro	(%)		9,1	9,0	
Produto Interior Bruto (PIB)	(millóns de €)	2003	39.516	38.404	77.920
PIB per cápita (1)	(EU-25=100)	2003	76,6	57,4	65,5

(1) Tense en conta as diferenzas en niveis de prezos nacionais que non son tidos en conta polos tipos de cambio

Fonte: Elaboración propia CES-Galicia a partir de datos de IGE, Eurostat, Comisión Europea e Instituto Nacional de Estadística de Portugal

1.1.4.

Finalmente, se consideramos que o produto interior bruto na UE-25 é igual a 100, no ano 2003 o PIB per cápita (en paridade de poder adquisitivo) na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal ascende a 65,5. En Galicia, esta ratio acada un valor superior ao estimado para a rexión Norte de Portugal: 76,6 e 57,4, respectivamente.

PANORAMA ECONÓMICO DE GALICIA

O cadro macroeconómico da economía de Galicia reflicte, **cadro 1.1.5.**, que a economía galega continuou coa súa tendencia do crecemento económico, ao rexistrar unha medra do seu Produto Interior Bruto (PIB) real a prezos de mercado do 3,3%, unha décima por baixo da experimentada no ano 2004.

Ao igual que acontece na economía española, a demanda interna é o motor de crecemento da economía galega, cunha achega á medra do PIB do 4,8%, nove décimas máis que no ano 2004. A contribución da demanda externa ao crecemento do PIB segue sendo negativa, rexistrándose ao longo do último ano un importante crecemento.

Todos os compoñentes da demanda interna presentan unha aceleración no seu crecemento. Neste senso, cómpre salientar o comportamento do investimento, que medrou un 5,7% respecto ao ano anterior, punto e medio máis que en 2004. O gasto en consumo fíxoo nun 3,3%, catro décimas máis que no ano precedente, sendo o compoñente que máis crece o do gasto das Administracións Públicas, cun 3,9%.

A redución nun punto porcentual da achega negativa do sector exterior veu motivada pola desaceleración no crecemento tanto das importacións coma das exportacións. As primeiras presentaron unha medra do 4,8%, mentres que as exportacións medraron un 3,6% respecto ao ano 2004.

Dende a óptica da **oferta**, o crecemento económico apoiouse no dinamismo da construción e dos servizos, que presentan unha medra do 4,1% e o 3,7%, respectivamente, así como no comportamento-

Evolución do PIB en Galicia 2004-05: distribución segundo as súas compoñentes ⁽¹⁾

	2004	2005	2005			
			trimestres			
			I	II	III	IV
Gasto en consumo final	2,9	3,3	3,0	3,4	3,1	3,7
Gasto en consumo final dos fogares	2,8	3,1	3,0	3,3	2,9	3,3
Gasto en consumo final das AA.PP. e ISFLSH	3,5	3,9	3,3	3,7	3,6	4,9
Formación bruta de capital fixo	4,2	5,7	5,4	7,8	5,3	4,4
Demanda interna (2)	3,9	4,8	4,2	5,3	4,2	4,3
Exportacións de bens e servizos	6,9	3,6	3,2	3,1	3,2	5,3
Importacións de bens e servizos	6,1	4,8	4,5	4,2	4,1	6,4
PIB a prezos de mercado	3,4	3,3	2,8	3,4	3,4	3,5
Ramas agraria e pesqueira	2,4	2,0	0,4	2,6	3,5	1,3
Ramas enerxéticas	1,1	-0,2	-0,9	-1,4	-1,0	2,3
Ramas industriais	2,3	2,0	1,8	0,6	3,4	2,1
Construción	4,6	4,1	3,8	4,5	4,2	4,0
Ramas dos servizos	3,7	3,7	3,5	4,0	3,5	3,7
servizos de mercado	3,9	3,7	3,8	3,9	3,3	3,7
servizos de non mercado	3,2	3,7	2,7	4,3	3,9	3,8
Impostos netos sobre os produtos	3,9	3,8	7,0	6,9	0,1	1,7

(1) Taxas de variación interanual. Prezos constantes de 2000

(2) contribución ao crecemento do PIB

Fonte: IGE, Contabilidade Trimestral

1.1.5.

Produtividade aparente do factor traballo en Galicia e España 2004-05: distribución segundo sectores

	2004			2005		
	Produtividade	PIB (1)	Ocupación (2)	Produtividade	PIB (1)	Ocupación (2)
Galicia						
Total	1,0	3,4	2,4	0,5	3,3	2,8
S. Primario	4,8	2,4	-2,4	5,9	2,0	-3,9
Enerxía	2,2	1,1	-1,1	0,3	-0,2	-0,5
Industria	2,2	2,3	0,1	2,1	2,0	-0,1
Construción	1,2	4,6	3,4	-0,4	4,1	4,5
Servizos	-0,1	3,7	3,8	-0,7	3,7	4,4
España						
Total	0,3	3,1	2,8	-1,0	3,4	4,4
S. Primario	2,1	-1,1	-3,2	1,9	-0,7	-2,6
Enerxía	2,2	2,0	-0,2	4,0	4,4	0,4
Industria	0,8	0,3	-0,5	1,2	0,6	-0,6
Construción	-0,5	5,1	5,6	-3,1	5,5	8,6
Servizos	-0,3	3,6	3,9	-1,8	3,9	5,7

(1) Taxas de variación interanual. Prezos constantes

(2) Afilados á Seguridade Social

Fonte: Elaboración propia a partir de INE, Contabilidad Regional de España e Seguridade Social

1.1.6.

da actividade industrial (sen contar coas ramas enerxéticas) e pola nova medra da actividade agraria e pesqueira, que presentan un crecemento do 2,0%. Cómpre salientar que mentres no crecemento do PIB real situámonos unha décima por baixo da economía española, no da ocupación facémolo en dezaseis décimas).

No que atinxe ao **mercado de traballo**, os datos de afiliación á Seguridade Social en Galicia indican unha medra do 2,8% respecto ao número de afiliados en 2004. A pesar do incremento da actividade no sector primario e no industrial, o **cadro 1.1.6.** amosa o descenso do número de afiliados nestes dous sectores. Pola contra, a medra da ocupación nos sectores da construción e dos servizos é superior á medra do VEB xerado, polo que a produtividade aparente do factor traballo descende no ano 2005.

O desemprego medio anual en Galicia, medido polo número de persoas rexistradas nas oficinas do SPE, descendeu un 2,7% respecto ao ano anterior (4,8 miles de persoas), acadando as 172,1 miles de persoas. Atendendo á desagregación segundo sector, o desemprego descende nos distintos grupos de actividade considerados agás no sector primario, onde o desemprego permanece practicamente constante. Os datos recollidos no **cadro 2.1.9. Paro rexistrado en Galicia e España 2004-05: distribución segundo sectores económicos** reflicten que o maior descenso rexístrase no colectivo sen emprego anterior, cunha caída do 10,9% (83,1 miles de persoas).

As taxas de crecemento do PIB e do emprego (medido polo número de persoas afiliadas á Seguridade Social) implican que a produtividade aparente do traballo incrementouse nun 0,5% (-1,0% no conxunto do Estado), cando no ano anterior, esta medra fora do 1,0%. Os datos do **cadro 1.1.6.** amosan que dada a forte caída do emprego agrario e a medra da súa actividade, a produtividade aparente no sector presenta un valor moi elevado: 5,9%. No conxunto das ramas industriais, a produtividade aparente mellorou un 2,1%, mentres que nos sectores da construción e dos servizos, a produtividade aparente variou un -0,4% e -0,7%, respectivamente. ■